III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ORDE do 22 de febreiro de 2021 pola que se regula o procedemento para a presentación de solicitudes de inclusión nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, e se aprova o modelo normalizado de solicitude (código de procedemento AP522T).

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, foi modificado polo Decreto 60/2019, do 23 de maio.

O seu artigo 5, que entrou en vigor o 1 de xuño de 2020, segundo se establece no parágrafo segundo da disposición adicional terceira do Decreto 60/2019, modificado polo Decreto 160/2019, do 19 de decembro, recolle como novidade que a presentación das solicitudes de inclusión nas listas para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia se realizará preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal, e que se permitirá opcionalmente a presentación presencial de solicitudes en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Na disposición derradeira segunda do Decreto 60/2019 facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de función pública para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do decreto, así como para regular a habilitación do procedemento de solicitude de inclusión en listas previsto no artigo 5 do Decreto 37/2006 na súa nova redacción, e os modelos normalizados correspondentes.

Tendo en conta que, de acordo co establecido no artigo 6.2 do Decreto 37/2006, o prazo para a presentación de solicitudes nas listas que se encontren en xestión se inicia o 1 de marzo e finaliza o 30 de abril de cada ano, faise preciso que con anterioridade ao comezo deste prazo se articule un procedemento destinado á tramitación electrónica e presencial das solicitudes de inclusión nas listas coa aprobación dos modelos normalizados correspondentes.

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

Esta orde adecúase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. O seu texto foi exposto a información pública no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia. Así mesmo, foi sometido a informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a informe tecnolóxico e funcional da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e a informe da Asesoría Xurídica Xeral.

Consecuentemente con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto regular o procedemento de presentación de solicitudes de inclusión nas listas para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico incluídas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aprobar e dar publicidade ao modelo normalizado de solicitude que se xunta como anexo I a esta orde (código de procedemento administrativo AP522T), así como a outros modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento de presentación de solicitudes (anexos II e III).

Artigo 2. *Persoas solicitantes*

Poderán presentar solicitude todas aquelas persoas que queiran formar parte das listas para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a cobertura temporal de postos reservados a persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico incluídas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, e que consideren que cumpren os requisitos establecidos no artigo 8 do Decreto 37/2006 para poder inscribirse nas listas.

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

Artigo 3. *Requisitos*

1. Serán requisitos indispensables para poder inscribirse nas listas posuír a titulación ou formación académica exixida para cada grupo, categoría, corpo, escala ou especialidade e os demais requisitos legalmente exixidos para participar na convocatoria pública das correspondentes probas selectivas na data de presentación da solicitude de inclusión na lista pola persoa interesada en formar parte dela, de acordo co establecido no artigo 8 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, así como, se é o caso, os requisitos establecidos para cada grupo, categoría, corpo, escala ou especialidade nas convocatorias de apertura de listas.

2. As persoas solicitantes deberán posuír, así mesmo, o nivel de coñecemento da lingua galega previsto no artigo 8 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

Artigo 4. *Forma e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

2. O prazo de presentación de solicitudes, no caso de listas elaboradas que se encontren en xestión, esténdese desde o día 1 de marzo ata o 30 de abril de cada ano, e estas elabóranse no período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro.

As solicitudes poderanse presentar, así mesmo, no prazo establecido nas resolucións da dirección xeral competente en materia de función pública de apertura do prazo de presentación de solicitudes de inclusión en listas.

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

Artigo 5. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) No suposto de non ter nacionalidade española, documentación acreditativa de ter residencia legal en España, para a inclusión nas listas de persoal laboral temporal, e pasaporte e/ou documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados, para a inclusión nas listas para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario.

b) Titulación ou formación non académica exixida para cada grupo, categoría, corpo, escala ou especialidade, documentación acreditativa dos requisitos legalmente exixidos para participar na convocatoria pública das correspondentes probas selectivas ou, se é o caso, dos establecidos nas resolucións de aperturas de listas que non figuren enumerados no artigo 6.

c) Certificado ou documento equivalente ao Celga 4 nas listas para os subgrupos A1, A2, C1 e grupos B, I, II e III; ao Celga 3 nas listas para o subgrupo C2 e grupo IV e, finalmente, ao Celga 2 para a agrupación profesional de funcionarios e grupo V, non expedidos polo órgano competente en materia de política lingüística.

d) Xustificante de ter aboadas as taxas administrativas por dereitos de inscrición ou, se é o caso, documentación xustificativa para a exención, total ou parcial, do pagamento das taxas (código da taxa 05/13/07/300301).

e) Para a acreditación dos méritos a que se refire o artigo 9.bis, letra a), ordinal 2º, do Decreto 37/2006, servizos prestados en concellos ou mancomunidades de municipios da Comunidade Autónoma de Galicia na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables, nas listas das categorías pertencentes aos servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais, certificación de servizos prestados segundo o modelo que figura no anexo II desta orde, debidamente cuberta, polo persoal funcionario que se determina no citado anexo.

f) Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33 % non expedido pola Administración autonómica de Galicia, para a acreditación da exención do importe total da taxa.

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 6. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

– DNI/NIE.

– Título/s oficial/oficiais non universitario/s.

– Título/s oficial/oficiais universitario/s.

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

– Documento xustificativo de estar en posesión do Celga 4 ou equivalente nas listas para os subgrupos A1, A2, C1 e grupos B, I, II e III; Celga 3 ou equivalente nas listas para o subgrupo C2 e grupo IV e, finalmente, Celga 2 ou equivalente para a agrupación profesional de funcionarios e grupo V, expedidos polo órgano competente en materia de política lingüística.

– Certificación de empadroamento, para a acreditación dos méritos a que se refire o artigo 9.bis, letra b), do Decreto 37/2006, Coñecemento do terreo, nas listas das categorías pertencentes aos servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente, consonte o artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33 % expedido pola Administración autonómica de Galicia, para a acreditación da exención do importe total da taxa.

b) Certificado de familia numerosa de carácter especial ou xeral, ou carné familiar en que conste o dito carácter, para a acreditación da exención do importe total da taxa ou do 50 %, respectivamente.

c) Certificación expedida pola oficina de emprego en que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego, ininterrompidamente, desde polo menos seis meses antes da data da publicación da convocatoria no DOG, para a acreditación da exención do 50 % do importe da taxa, de cumprirse, así mesmo, o requisito establecido na alínea d).

d) Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal en que conste que na data de presentación da solicitude non está a percibir prestación ou subsidio por desemprego, para a acreditación da exención do 50 % do importe da taxa, de cumprirse, así mesmo, o requisito previsto na alínea c).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 7. *Publicación*

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as listas provisionais e definitivas para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Nestas listas figurarán as persoas solicitantes admitidas, con indicación da puntuación provisional resultante da aplicación do baremo establecido nos artigos 9 e 9 bis do Decreto 37/2006, e as excluídas, con expresión da causa de exclusión.

Así mesmo, as listas serán igualmente obxecto de publicidade no portal web corporativo da Xunta de Galicia, http://funcionpublica.xunta.gal, epígrafe de <Listas de contratación> e nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía da Xunta de Galicia.

2. Todas as comunicacións se publicarán, así mesmo, nos lugares indicados anteriormente e, para estes efectos, terán o carácter de notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015.

Artigo 8. *Solicitude de devolución do pagamento das taxas por dereitos de inscrición*

Unha vez publicadas as listas definitivas para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, as persoas excluídas poderán solicitar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a devolución das taxas por dereitos de inscrición, para o cal presentarán o modelo que figura no anexo III desta orde xunto coa documentación xustificativa de ter aboado as taxas administrativas.

As persoas interesadas poderán solicitar a devolución do importe das taxas por pagamento indebido en calquera momento do procedemento mediante a presentación, así mesmo, do anexo III e a documentación xustificativa do aboamento das taxas.

As solicitudes de devolución de taxas presentaranse preferentemente por medios electrónicos. Opcionalmente poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

Disposición adicional única. *Actualización dos modelos normalizados*

A consellería competente en materia de función pública será o órgano competente para a aprobación da actualización dos modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado nesta orde. Unha vez aprobada a actualización, será suficiente a súa publicación na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas. Non obstante, en virtude desta orde apróbanse os modelos iniciais normalizados recollidos nos anexos I, II e III.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2021

Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda e Administración Pública

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INCLUSIÓN NAS LISTAS PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS	**AP522T**	**SOLICITUDE**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF OU EQUIVALENTE

TIPO	NOME DA VÍA	ESCALEIRA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA

PARROQUIA	LUGAR

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO

NACIONALIDADE	SEXO	DATA DE NACEMENTO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

DATOS DA LISTA NA QUE SE SOLICITA A INCLUSIÓN

Grupo:	Corpo/escala/categoría:	Sección/especialidade:

ÁMBITOS NOS QUE SOLICITA QUEDAR INSCRITO

Ámbito 1º:

Ámbito 2º:

Ámbito 3º:

Ámbito 4º:

Ámbito 5º:

Ámbito 6º:

Ámbito 7º:

Ámbito 8º:

FORMACIÓN ACADÉMICA

Titulación1:	Data de emisión da titulación:
Titulación2:	Data de emisión da titulación:
TItulación3:	Data de emisión da titulación:

Grao de coñecemento do idioma galego:

MÉRITOS E CONCELLO DE EMPADROAMENTO (Servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais)

Concello de empadroamento:	Anos:	Meses:	Días

CONDICIÓNS ESPECIAIS:			**PAGAMENTO DE TAXAS:**	
Familia numerosa:	Demandante de emprego:	Grao de discapacidade:	Exento do pagamento:	Cantidade para pagar:

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA
Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
□ No suposto de que a persoa solicitante non teña nacionalidade española, documentación acreditativa de ter residencia legal en España, para a inclusión nas listas de persoal laboral temporal.
□ No suposto de que a persoa solicitante non teña nacionalidade española, pasaporte e/ou documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para a inclusión nas listas para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario.
□Titulación ou formación non académica exixida para cada grupo, categoría, corpo, escala ou especialidade, documentación acreditativa dos requisitos legalmente exixidos para participar na convocatoria pública das correspondentes probas selectivas ou, se é o caso, dos establecidos nas resolucións de aperturas de listas que non figuren enumerados no punto de comprobación de datos.
□ Certificado ou documento equivalente ao Celga, non expedido polo órgano competente en materia de política lingüística.
□ Xustificante de ter aboadas as taxas administrativas (código da taxa 05/13/07/300301).
□ Certificación de prestación de servizos en concellos e mancomunidades na mesma categoría para a súa valoración, se é o caso, nas listas das categorías pertencentes aos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais, segundo o modelo que figura como anexo II (artigo 9.bis.a).2 do Decreto 37/2006).
□ Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% non expedido pola Administración autonómica de Galicia, para a acreditación da exención do importe total da taxa.
□ Outra documentación (especificar)

COMPROBACIÓN DE DATOS **Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.**	**OPÓÑOME Á CONSULTA**
DNI/NIE da persoa solicitante	o
Título/s oficial/is non universitario/s	o
Título/s oficial/is universitario/s	o
Documento xustificativo de estar en posesión do Celga correspondente, expedido polo órgano competente en materia de política lingüística	o
Certificación de empadroamento (para a valoración do coñecemento de terreo, se é o caso, nas listas das categorías pertencentes aos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais) (artigo 9 bis.b) do Decreto 37/2006).	o
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
□ Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33 % expedido pola Administración Autonómica Galega (exención do pagamento da taxa)	o
□ Certificado de familia numerosa de carácter especial (exención do pago da taxa) ou xeral (exención do 50 % do importe da taxa) ou carné familiar onde conste o dito carácter.	o
□ Certificación da oficina de emprego na que conste que a persoa solicitante figura como demandante de emprego, ininterrompidamente, desde, polo menos, seis meses antes da data da publicación da convocatoria no DOG (exención do 50 % do importe da taxa xunto coa acreditación do requisito sinalado no recadro seguinte)	o
□ Certificado do Servizo Público de Emprego estatal en que conste que na data de presentación da solicitude non está a percibir prestación ou subsidio por desemprego (exención do 50 % do importe da taxa xunto coa acreditación do requisito sinalado no recadro anterior)	o

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Facenda e Administración Pública
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O exercicio de poderes públicos. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais e páxinas web.
Destinatarios dos datos	A Dirección Xeral da Función Pública, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que deriva da xestión administrativa das solicitudes de inclusión nas listas para para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia e, se é o caso, co fin de xestionar a cobertura temporal de postos de traballo.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE
Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia. V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se regula o procedemento para a presentación de solicitudes de inclusión nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, e se aproba o modelo normalizado de solicitude (código de procedemento AP522T).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE						
Lugar e data						
	,		de		de	

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

galicia

Dirección Xeral da Función Pública

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DE SERVIZOS PRESTADOS EN CONCELLOS OU MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

AP522T – INCLUSIÓN NAS LISTAS PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS

(Resolución do 30 de xaneiro de 2007, DOG núm. 24, do 2 de febreiro)

_____
(Nome da/do funcionaria/o que certifica)

secretario/a do concello de _____

CERTIFICA

Que segundo os antecedentes que constan neste concello ou mancomunidade de municipios, _____ con DNI núm._____ prestou servizos neste concello ou mancomunidade de municipios da Comunidade Autónoma de Galicia, no grupo e categoría e nos períodos que de seguido se indican:

GRUPO/ CATEGORÍA (código)	DENOMINACIÓN DO POSTO	CONCELLO OU MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS	CÓDIGO DO POSTO DE TRABALLO (de ser o caso)	DISCONTINUO (SI/NON)*	FIN DE SEMANA (SI/NON)*	DATA INICIO	DATA FIN	TOTAL (En días)*

E para que así conste, asino a presente certificación en _____ , ____ de _____ de 20___

(SINATURA)

VISTO E PRACE: O/A SECRETARIO/A

O/A ALCALDE/SA

* Nota:

- Os servizos prestados abranguerán exclusivamente ata o 31 de decembro do ano anterior ao ano de presentación da solicitude.
- É moi importante que no caso de postos descontinuos ou de fin de semana se reflictan exclusivamente os días efectivamente traballados.
- Unicamente se computarán os servizos que se acrediten prestados na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables ás categorías adscritas ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ANEXO III

SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE TAXAS
AP522T - INCLUSIÓN NAS LISTAS PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF OU EQUIVALENTE

ENDEREZO (non é necesario cubrilo se coincide co da solicitude inicial)						
TIPO	NOME DA VÍA	ESCALEIRA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA

PARROQUIA	LUGAR

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

SOLICITA a devolución das taxas ingresadas por dereito de inscrición por importe de	
POLOS MOTIVOS QUE SE INDICAN A CONTINUACIÓN	

DATOS BANCARIOS										
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.										
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)									

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
□ Documentación xustificativa de ter aboado as taxas

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE						
Lugar e data						
	,		de		de	

galicia

Dirección Xeral da Función Pública

CVE-DOG: c9jp87x9-0ih9-6v18-7ld1-cxmepk30xh10